

Rocío López repetirá como candidata do PSOE para acadar a alcaldía de Lourenzá

A alcaldable socialista asume con transparencia o compromiso de servir aos veciños e veciñas do municipio co obxectivo de ofrecer unha oportunidade de cambio, unha alternativa de goberno que acabe coas políticas sectarias e discriminatorias do PP

Contará co Manuel Arango Ron, profesor de primaria no CEIP Juan Rei, como o seu número dous

A candidata socialista á alcaldía de Lourenzá subliña como liñas básicas do seu programa de goberno “a creación de emprego e a garantía dos servizos públicos, algo que a cidadanía foi perdendo coas políticas do PP”

LOURENZÁ, 17 DE ABRIL DE 2015.- Rocío López será a candidata do PSOE para á alcaldía de Lourenzá nos vindeiros comicios municipais do 24 de maio. A alcaldable é a segunda vez que afronta o reto de encabezar a lista socialista no municipio, e contará co Manuel Arango Ron, profesor de primaria no CEIP Juan Rei, como o seu número dous.

Rocío López asume “con transparencia o compromiso de servir aos veciños e veciñas do municipio co obxectivo de ofrecer unha oportunidade de cambio, unha alternativa de goberno que acabe coas políticas sectarias e discriminatorias do PP”. “Fronte un goberno que non ten en conta para nada as necesidades dos laurentinos e laurentinas traballaremos para que o municipio teña o cambio que precisa e poremos todo o noso esforzo para sacar este proxecto socialista adiante”, afirmou.

O obxectivo dos socialistas é fomentar a participación cidadá e crear un modelo de concello transparente e próximo á cidadanía. “Queremos crear un goberno aberto a todos, atento aos problemas dos nosos veciños e veciñas e que reparta os recursos xusta e equitativamente”.

A candidata socialista á alcaldía de Lourenzá subliña como liñas básicas do seu programa de goberno a creación de emprego, en primeiro lugar, a través de políticas que permitan reducir as cifras do paro no concello; e, en segundo lugar, a garantía dos servizos públicos, algo que a cidadanía foi perdendo coas políticas do PP”.

Datos da candidata

Rocío López é unha persoa fortemente comprometida cos valores socialistas. Con 31 anos é licenciada en Administración e Dirección de Empresas e traballa como administrativo nunha empresa do sector forestal.